

AUTOLIQUIDACIÓN comedor escolar

MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR (situación 31/12/2022)

DECLARAMOS BAIXO XURAMENTO SER CERTOS OS DATOS CONSIGNADOS E ASINAMOS AUTORIZANDO Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE, A CONSULTAR OS DATOS DE CARÁCTER PERSOAL, RESIDENCIA E RENDA, A TRAVÉS DA PLATAFORMA DE INTERMEDIACIÓN DE DATOS E DA AXENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA, DA ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO.

PARENTESCO	DNI / NIE	APELIDOS	NOME	SINATURA DE AUTORIZACIÓN
SOLICITANTE e TITOR DO MENOR				Data: / / 2023
CÓNXUXE con vínculo matrimonial				Data: / / 2023
FILLOS MENORES DE IDADE (sen ter cumpridos os 18 anos no ano 2022)		APELIDOS	NOME	DATA NACEMENTO

ALUMNO PARA O QUE SE SOLICITA COMEDOR

APELIDOS	NOME	CURSO E NIVEL	DÍAS DE USO DO COMEDOR					Menor en Acollda	Discapacidade igual ou superior 33%
			LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES		
									<input type="checkbox"/> Sí <input type="checkbox"/> Non

Cálculo da Renda Neta per Cápita – IRPF 2022

a) Membro da unidade familiar que presentou a declaración do IRPF 2022:

Casillas (435 + 460 - 595) DIVIDIDO polo Nº de membros da unidade familiar
(Titor + conxuxe + fillos ata 18 anos, ou incapacitados)

b) Membro da unidade familiar que non tivo obriga de presentar o imposto do IRPF 2022, tomaranse as seguinte casillas dos seus Datos Fiscais:

[(Retribucións Dinerarias + Intereses) - (Cotizacións Seguridade Social + Retencións do Traballo + Retencións do Capital Mobiliario)] dividido polo Nº de membros da unidade familiar

Prezo do servizo de comedor segundo a Renda Neta per cápita 2022 e a situación familiar

4,50 € por día de comedor

- Unidades familiares con 1 ou 2 menores que cursen ensinanza obrigatoria ou 2º Ciclo E.infantil, cunha renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €.
- Alumnos con domicilio fora do Concello de BERGONDO, durante o 1º ANO DE MATRICULA, escolarizados fora da área de influencia que lles correspondería.

2,50 € por día de comedor

- Unidades familiares con 1 ou 2 menores de 18 anos que cursen ensinanza obrigatoria ou 2º Ciclo E.infantil, cunha renda anual neta per cápita entre 8.000,01 a 9.000,00 €

1 € por día de comedor

- Unidades familiares con 3 ou MÁIS menores de 18 anos que cursen ensinanza obrigatoria ou 2º Ciclo E.infantil, cunha renda anual neta per cápita igual ou superior a 7.000,01 €
- Unidades familiares con 1 ou 2 menores de 18 anos que cursen ensinanza obrigatoria ou 2º Ciclo E.infantil, cunha renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000,00 €

GRATUÍTO

- Unidades familiares con menores de 18 anos que cursen ensinanza obrigatoria ou 2º Ciclo E.infantil, cunha renda anual neta per cápita menor ou igual a 7.000,00 €
- Alumnos que se atopan en situación de acollemento residencial ou familiar, ACREDITADO DOCUMENTALMENTE. non se ten en conta a renda da unidade familiar acolledora.
- Alumnos pertencentes a unidades familiares en situación socioeconómica de exclusión social CERTIFICADA POLOS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS/AUTONÓMICOS.
- Alumnos cun grado de discapacidade declarado igual ou superior ao 33%, ACREDITADO DOCUMENTALMENTE.
- Alumnos pertencentes a unidades familiares vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero, ACREDITADO DOCUMENTALMENTE.

..... CONTINÚA NA PÁXINA SEGUINTE

PUNTUALIZACIÓNS

SOLICITUDE COMEDOR ESCOLAR:

Puntos a ter en conta, recollidos na instrución 2/2023 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, do 1 de xuño de 2023, sobre o funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2023-2024:

- Falta de uso do comedor escolar:** Os usuarios/as do servizo de comedor escolar que **durante o prazo dun mes de xeito continuado non fagan uso do citado servizo coa frecuencia solicitada, causarán automaticamente baixa no servizo**, agás causas debidamente xustificadas polos usuarios/as ante a dirección do respectivo centro educativo.
- Aviso dos días que non se asiste ao comedor escolar:** Sinalar que as familias **deberán comunicar ao centro educativo a non asistencia ao comedor, como moi tarde, o mesmo día ata as 10 da mañá, o día que non vaian a usar o servizo de comedor escolar ou nos días anteriores**. De non haber esa comunicación cobrarase o servizo do día e non se descontará posteriormente.
AVISAR NO CORREO SECRETARIA.CPI.CRUIZ.SAR@GMAIL.COM
- Datos tributarios das familias:** A Consellería, de conformidade co procedemento e consecuencias previstas na normativa tributaria aplicable, de serén erróneos os datos da renda autodeclarados, xirará liquidacións aos obrigados ao pagamento de prezos públicos, nas que se efectuarán correccións dos importes a aboas. A fin de poder levar a cabo as actuacións descritas, a Consellería poderá facer en todo momento as comprobacións da renda que resulten necesarias. Estas comprobacións suporán, ademais da fixación de novos importes nos prezos públicos en adiante, a execución de actuacións de compensación ou reclamación de débedas.
- Acceso ao servizo de comedor escolar por alumnado escolarizado en centros que non lles corresponde por área de influencia:** O alumnado escolarizado en centro distinto ao que lle corresponda segundo a distribución das áreas de influencia por decisións de índole familiar ou persoal, independentemente das circunstancias persoais e de renda familiar (domicilio fora do Concello de Bergondo) aboarán o prezo público de 4,50€ por día de servizo. **SINALAR que este alumnado a partir do 2º ano matriculado no centro escolar CONSÓLIDASE nunha situación similar á do resto do alumnado polo que poderán calcular a renda segundo as súas circunstancias persoais, podendo beneficiarse dos prezos bonificados do comedor escolar segundo a súa situación familiar e económica (prezos de 0€ / 1€ / 2.50€ ou 4.50€)**

MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR:

Matrimonio non disolto e fillos menores de 18 anos que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil (a partir dos 3 anos) (Segundo artigo 16 do Decreto 132/2013, na unidade familiar non deberán figurar fillos nados despois do 31/12/2020, nin os fillos maiores de 18 anos ou emancipados). Só se terán en conta os fillos maiores de idade, cando xudicialmente se atopen suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

Non se terán en conta os fillos nados despois do 31 de decembro de 2022 nin os maiores de 18 anos ou emancipados, aínda que cumpriran os 18 anos durante o ano 2022.

CONCEPTO DE UNIDADE FAMILIAR:

En base ao disposto no artigo 16 do Decreto 132/2013, o concepto de unidade familiar é o definido na normativa do imposto da Renda das persoas físicas. Aos efectos do IRPF existen 2 modalidades de unidade familiar:

- **MATRIMONIO**, unidade familiar integrada polos cónxuxes non separados legalmente, e fillos menores (excepto os que vivan independentemente co consentimento dos pais) e fillos maiores de idade xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada, polo que os maiores de 18 anos non se terán en conta.
- **EN AUSENCIA DE MATRIMONIO OU NOS CASOS DE SEPARACIÓN LEGAL**, a unidade familiar integrada polo pai ou pola nai e a totalidade dos fillos que convivan con este/a e reúnan os requisitos expostos no caso do matrimonio. Polo tanto, calquera unidade familiar distinta das anteriores, non constitúe unidade familiar aos efectos do IRPF. Nas PARELLAS DE FEITO e nas SEPARACIÓNS ou DIVORCIOS CON CUSTODIA COMPARTIDA só un dos membros (o pai ou a nai) pode formar unidade familiar cos fillos que reúnan os requisitos anteriormente comentados.
- Non se terán en conta os fillos nados despois do 31 de decembro de 2022 nin os maiores de 18 anos ou emancipados, aínda que cumpriran os 18 anos durante o ano 2022.

DIMINUCIÓN DE INGRESOS DA UNIDADE FAMILIAR DURANTE 2023-2024:

A Consellería poderá durante o curso escolar axustar os importes dos prezos públicos de acordo coas novas situacións das rendas familiares netas per cápita, derivadas da diminución de ingresos que supoña o cambio do tramo de rendas autodeclarado previamente, como consecuencia da acreditación de situacións de paro, de duración superior a 6 meses, de calquera membro da unidade familiar. Este período de 6 meses deberá ser continuado e para os efectos de que se poida acreditar unha diminución de ingresos que supoña un cambio no tramo autodeclarado será necesario presentar ante a dirección do centro educativo a seguinte documentación:

- Certificado do INEM no que se acredite a súa situación de máis de 6 meses en paro e resolución na que figure o importe que lle corresponde cobrar no ano 2022 polo subsidio de desemprego, ou por calquera outra prestación, estimando os ingresos previsibles pendentes de cobro.
- Documento acreditativo dos ingresos dos restantes membros da unidade familiar no exercicio 2023, estimando os ingresos previsibles pendentes de cobro, a través das nóminas, así como de xustificantes acreditativos de calquera outro ingreso.
- Nova autodeclaración, en base a estes novos datos e deducidas, no seu caso, as retencións por IRPF e Seguridade Social.

Como consecuencia desta diminución de ingresos por paro, calcularase a nova renda per cápita da unidade familiar en base unicamente aos ingresos do exercicio 2023, o que podería conlevar un novo tramo de pagamento do prezo público ou manter o existente.

Alerxias e intolerancias alimentarias do alumnado

Pregamos ás familias que soliciten o comedor escolar, no caso de que o alumnado padeza algunha alerxia alimentaria ou intolerancia, o comuniquen ao centro educativo, do seguinte xeito.

Deberán achegar á Secretaría do centro educativo, un informe médico, que indique o seguinte:

- Os alimentos que o alumnado non pode inxerir “LEITE, FROITA, PEIXE, MOLUSCOS, FROITOS SECOS, etc.”
- O tipo intolerancia padecida “INTOLERANCIA Á LACTOSA, FRUCTOSA, GLÚTEN, etc.”
- Medidas correctoras a adoptar, indicando que alimentos se deben retirar para facer fronte a esa intolerancia.
- Non se terán en conta, notas remitidas pola familia ou por un facultativo médico, cuxo contido soamente indique que non pode consumir determinado alimento, sen indicar o orixe da intolerancia.

TEÑAN EN CONTA QUE NO CASO DAS INTOLERANCIA, É MOI IMPORTANTE QUE AVISEN AO CENTRO EDUCATIVO, NO CASO DE QUE NON ASISTA AO COMEDOR ESCOLAR, PARA EVITAR QUE AS COCIÑEIRAS ELABOREN O MENÚ, POIS É UN MENÚ ADAPTADO Á SÚAS CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS, QUE PRECISA DUN TEMPO EXTRA DE PREPARACIÓN, E TEN UN COSTE SUPERIOR DE ELABORACIÓN.

Este comunicado soamente afecta aos alumnos que aínda non teñan comunicado a súa intolerancia. As intolerancias de cursos anteriores, se manteñen para o novo curso 2023/2024, salvo comunicado da familia, indicando que se superou a intolerancia.

Puntos a ter conta sobre o uso diario do Comedor Escolar

Falta de uso do comedor escolar:

Os usuarios/as do servizo de comedor escolar que **durante o prazo dun mes de xeito continuado non fagan uso do citado servizo coa frecuencia solicitada, causarán automaticamente baixa no servizo**, agás causas debidamente xustificadas polos usuarios/as ante a dirección do respectivo centro educativo.

Aviso das faltas de asistencia ao comedor escolar:

Sinalar que **as familias deberán comunicar ao centro educativo a non asistencia ao comedor, como moi tarde, o mesmo día ata as 10 da mañá, ou nos días anteriores, cando teñan previsto non facer uso servizo de comedor escolar en determinado día**. De non haber esa comunicación, cobrarase o servizo do día aínda que non se asisitira, e non se descontará posteriormente.

*PREGAMOS REMITAN AVISO NO CASO DE NON ASISTIR AO COMEDOR
A TRAVÉS DO CORREO ELECTRÓNICO*

SECRETARIA.CPI.CRUZ.SAR@GMAIL.COM

Excepcionalmente, cando o alumnado, deba abandoar durante a xornada lectiva, o centro educativo por causa **sobrevenida, malestar ou enfermidade, pregamos deixen aviso na Secretaría do centro educativo, antes de marchar co alumnado, para que se lles desconte o día de comedor escolar.**